


| | | | |
|---|---|--|---------------------------|
|  | IES MARÍA CASARES. Departamento de BIOLOGÍA E XEOLOXÍA | | 4ºESO 2023-2024 |
| | MATERIA | Biología e Xeoloxía | |
| | PROFESOR/A/S | Carlos Rodríguez López, Nuria Sánchez Moreno | |

| | | CONTIDOS |
|--------------------------|----|--|
| 1ª AVALIACIÓN | 1 | B3 - Teoría celular. Formas acelulares: virus. |
| | 2 | B3 - Etapas do ciclo celular e a súa relación co cancro. Mitose e meiose: fases e función biolóxica. |
| | 3 | B4 - Expresión xénica: Definición e procesos. Código xenético: características. Leis de Mendel. Problemas sinxelos de herdanza xenética de caracteres con relación de dominancia e recesividade, codominancia, dominancia incompleta, herdanza intermedia, alelismo múltiple e ligado ao sexo con un ou dous xenes. - Procesos que xeran variabilidade xenética e a súa relación coa evolución e a biodiversidade. Expresión do fenotipo. |
| 2ª AVALIACIÓN | 4 | B3 - Modelo simplificado da estrutura dos ácidos nucleicos e relación coa súa función. ADN: cromosoma e cromatina. Replicación. B4 - Técnicas da enxeñería xenética. Biotecnoloxía e enxeñería xenética: aplicacións e implicacións éticas, sociais e ambientais. |
| | 5 | B5 - Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra e investigacións no campo da astrobioloxía. Evolución dos seres vivos - Creacionismo e evolucionismo. Principais teorías evolutivas. Probas e mecanismos de evolución. Especiación. Evolución humana. |
| | 6 | B6 - Estrutura do ecosistema. Compoñentes. Niveis tróficos. Cadeas e redes tróficas. Ciclo da materia e fluxo da enerxía. Dinámica do ecosistema: Sucesións ecolóxicas. Regresións. Impactos ambientais derivados da actividade humana. Problemáticas ambientais e posibles solucións. |
| 3ª AVALIACIÓN | 7 | B2 - A orixe do universo e estrutura e características do sistema solar. |
| | 8 | B2 - Métodos de estudo do interior terrestre. Estrutura e dinámica da xeosfera. Efectos globais da dinámica da xeosfera a través da tectónica de placas: Evidencias da tectónica de placas. A litosfera e o mecanismo de movemento das placas. Tipos de bordos de placas. Estruturas xeolóxicas nos límites e nas zonas da intraplaca. Esforzos e deformacións das rochas. Formación de pregamentos e fallas. |
| | 9 | B2 - Axentes, procesos e factores que condicionan a modelaxe do relevo. A modelaxe do relevo segundo a acción dos axentes xeolóxicos. Relevos litolóxicos e estruturais. Diferenzas entre relevo e paisaxe. A súa importancia como recursos. O relevo e a paisaxe en Galicia. Análise dos riscos xeolóxicos externos. Medidas de predición e prevención. Os riscos externos en Galicia. |
| | 10 | B2 - O tempo xeolóxico. Relación de eóns, eras e sistemas cos principais acontecementos xeolóxicos, paleoxeográficos, climáticos e biolóxicos. Mapas e cortes xeolóxicos sinxelos: interpretación e trazado da historia xeolóxica que reflicten mediante a aplicación dos principios de estudo da historia da Terra (horizontalidade, superposición, intersección, sucesión faunística...). |
| AO LONGO DO CURSO | B1 | B1 - A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción. Estratexias para a elaboración do proxecto científico. O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. |

LECTURAS

Non hai lecturas obrigatorias na materia. As tres lecturas recomendadas son: Hello, Dolly! - Ojos de pantera - Tras las huellas del ADN.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

| FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN | PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN |
|---|-----------------------------|
| Probas escritas | 70% |
| Traballos, caderno de clase e participación na dinámica da aula | 30% |
| TOTAL AVALIACIÓN | 100% |
| NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA XUÑO | |
| <p>Probas escritas: realizaranse dúas probas por avaliación con contidos específicos asociado aos criterios de avaliación. En cada avaliación realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas ou unha media ponderada, no caso de que as probas non teñan o mesmo peso en cuanto á cantidade dos contidos ou á importancia dos mesmos. Para facer media o alumno deberá obter un mínimo de 3,5 en cada unha das probas. Esta media, representará o 70% da cualificación da avaliación. O outro 30% vén definido polos criterios de avaliación que se recollen nas táboas de indicadores.</p> <p>A nota da avaliación final calcularase como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais ou das obtidas nas correspondentes recuperacións, no seu caso. Para obter a media será requisito imprescindible ter obtido un mínimo de 5 puntos en cada avaliación. Para este cálculo utilizarase a nota real acadada en cada avaliación cun decimal, e non o número enteiro redondeado que aparece no boletín.</p> <p>O alumnado que alcance unha nota suficiente para acadar o aprobado tras facer a media das tres avaliacións, e que por tanto, non teña que facer ningunha recuperación, poderá mellorar a súa nota final en ata un punto, a través da realización dunha serie de actividades de repaso e/ou ampliación e unha proba final na que deberá obter unha nota superior a que acadou na media final. Estas actividades realizaranse na aula, no período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria. A data da proba para subir nota coincidirá coa data das recuperacións finais.</p> <p>CRITERIOS DE RECUPERACIÓN: en cada avaliación realizarase a recuperación das unidades suspensas. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. Para facer posteriormente a media co resto de avaliacións terase en conta a nota da recuperación (70%) e tamén a nota de aula obtida no correspondente trimestre (30%).</p> <p>As avaliacións suspensas (1 ou 2 como máximo) recuperaranse nunha proba a final de curso. Nesta proba terán que recuperarse avaliacións completas. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. A nota final será nese caso a cualificación de dita recuperación (70%) e do seu traballo de aula (30%) que fará media co resto de avaliacións xa superadas.</p> <p>Cando un estudante teña todas as avaliacións suspensas, terá a oportunidade de realizar unha proba global final. A materia será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. A nota final será nese caso a cualificación de dita recuperación.</p> | |

OBSERVACIÓNS:

- No caso de decimais na nota final de cada avaliación e na cualificación final seguiranse os seguintes criterios: decimais menores a 5 serán redondeados ao enteiro inferior e decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior.
- No caso de que un alumno non se presente a unha proba deberá presentar documentación xustificativa para realizar a mesma noutra data pactada co profesor.
- Obterán un 0 na proba e por tanto suspenderá a avaliación os alumnos ou alumnas que copien nas probas.
- A asistencia a clase é obrigatoria. Cun número de faltas inxustificadas superior á que marca a normativa seguirase o protocolo existente.
- O abandono da materia será tido en conta á hora de aplicar os criterios de promoción e titulación.

CONTACTO CO PROFESORADO

| NOME | CORREO ELECTRÓNICO |
|------------------------|------------------------------------|
| Carlos Rodríguez López | carlosmariarodriguez@edu.xunta.gal |
| Nuria Sánchez Moreno | nuria.sanchez2122@gmail.com |